# ANEXO VI
# PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO COMUNITARIO

**TU503E - SUBVENCIÓNS PARA INVESTIMENTOS EN EQUIPAMENTOS POST COVID DOS ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS FINANCIADAS AO 100% NO MARCO DO EIXE REACT-UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 COMO PARTE DA RESPOSTA DA UE Á PANDEMIA DE COVID-19**

Obrigas do beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras financiadas ao 100% no marco do Eixe REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia de COVID-19:

Ao tratarse de subvencións financiadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, número 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, o beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos de publicación e comunicación:

1. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio da Xunta de Galicia, conforme ao manual de identidade corporativa que estea vixente, e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional correspondente, o logotipo do Xacobeo 21-22 e mostrando:

a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
b) Referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto e a que está financiado como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.
c) Referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».

O formato que se utiliza é o seguinte:

XUNTA DE GALICIA

UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional**
*Unha maneira de facer Europa*

Xacobeo 21·22

2. Durante a realización do proxecto e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento ou emprego:

i. Breve descrición no seu sitio da Internet do que dispoña a entidade beneficiaria, do proxecto desenvolvido ao abeiro da subvención concedida, dos obxectivos perseguidos e resultados acadados, na que se destaque o apoio financeiro da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional correspondente, a referencia ao Xacobeo 21-22, e mostrando:

a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
b) Referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto e a que está financiado como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.
c) Referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».
d) Mención ao Obxectivo **"Apoiar os sectores máis afectados pola COVID-19"**.

ii. Colocar, polo menos, un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), en que se mencionará o apoio financeiro da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional correspondente, a referencia ao Xacobeo 21-22, e mostrando:

a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
b) Referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto e a que está financiado como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.
c) Referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».
d) Mención ao Obxectivo **"Apoiar os sectores máis afectados pola COVID-19"**.

O cartel, elaborado con materiais que permitan certa perdurabilidade no tempo, deberase colocar nun lugar visible para o público.

**ANEXO VI**
**(continuación)**

Aos efectos do sinalado, poderase empregar o seguinte modelo tanto para a publicación en web como para a elaboración do cartel:

XUNTA DE GALICIA — UNIÓN EUROPEA — Xacobeo 21·22 — galicia

# SUBVENCIÓNS PARA INVESTIMENTOS EN EQUIPAMENTOS POST COVID DOS ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS

**Apoiar aos sectores máis afectados pola COVID-19**

**Operación financiada pola Unión Europea, a través do**
**FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER),**
**como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19**

PROGRAMA OPERATIVO
**FEDER GALICIA**
2014-2020

***Unha maneira de facer Europa***